

6. Saúde

6.1 Prestación farmacéutica

Achega dos usuarios na prestación farmacéutica obrigatoria

Estarán exentas de achega as persoas con discapacidade nos supostos previstos na súa normativa específica.

6.2 Reintegro de gastos e prestacións sanitarias

Prestación ortoprotésica ambulatoria/tramitación por reintegro de gastos

A prestación ortoprotésica ambulatoria consiste na utilización de produtos sanitarios non implantables, que teñen como finalidade substituír total ou parcialmente unha estrutura corporal ou ben modificar, corrixir ou facilitar a súa función.

A prestación ortoprotésica inclúe as seguintes prestacións:

- a) As próteses ortopédicas permanentes ou temporais (próteses externas) e a súa oportuna renovación.
- b) Os vehículos para persoas con discapacidade das que a invalidez así o aconselle.

6.3 Catálogo ortoprotésico

Axudas destinadas a cubrir total ou parcialmente os produtos de apoio incluídos no Catálogo de prestacións ortoprotésicas do Sergas.